

## ANUNCIO

Concluído o proceso de selección tramitado, polo sistema de oposición, cuxo obxecto era seleccionar ás persoas coas que tería que formase unha Bolsa de Emprego, para ser contratadas cando resulte necesario cubrir algún dos postos de traballo de **operario-tractorista** que existen no cadro de persoal laboral ao servizo deste Concello, por concurrir -nos traballadores que desempeñan tales postos de traballo- algunha das seguintes circunstancias: concesión de licenzas, disfrute dos períodos de vacacións, concesión de permisos e situacións de excedencia. E

Resultando.- Que o Tribunal Cualificador de dito proceso de selección, na última reunión celebrada o día 10 de abril de 2017, acordou:

a) Que esa Bolsa de Emprego quedase integrada polas seguintes dúas persoas que superaron o proceso de selección, mediante o sistema de oposición; e iso, polo orde resultante da puntuación obtida ao final de dito proceso:

Orde de puntuacion	Nome e apelidos	Puntuacion exercicio teórico	Puntuación exercicio práctico	Puntuacion proba de galego	TOTAL
1	Victor Souto López	14,25	7	2,5	23,75
2	Miguel Angel Meijide Cesar	13,25	5	2,5	20,75

b) Que a citada Bolsa de Emprego fose aprobada polo alcalde, nos termos en que quedou formada.

Resultando.- Que na Base Decimoprimeira das que rexiron o proceso de selección (as cales foron aprobadas pola Xunta de Goberno Local na sesión celebrada o día 14 de outubro de 2016) se establece que a Bolsa de Emprego será aprobada polo alcalde, e que dita resolución publicárase no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e na páxina web do Concello.

Esta Alcaldía **RESOLVEU**:

**Primeiro**.- De conformidade coa proposta do Tribunal Cualificador, aprobar a **Bolsa de Emprego de operario-tractorista**, elaborada cos aspirantes que superaron o proceso de selección, e polo orde de colocación con que figuran en dita Bolsa, que sería o resultante da puntuación obtida ao final das tres probas que integraban a oposición; para ser tida en conta cando se produza algunha das situacións indicadas, consistentes en: concesión de licenzas, disfrute dos períodos de vacacións, concesión de permisos e situacións de excedencia; e iso co obxecto de realizar as tarefas ou funcións previstas na Base Cuarta das que rexiron o proceso de selección, cando algún traballador ao servizo do Concello pase a encontrarse nalgunha das catro situacións indicadas.

**Segundo**.- Concretar que esta Bolsa de Emprego estará vixente durante un prazo de dezaioito meses; sen prexuízo de poder ser acordada unha prórroga por un período máximo equivalente a outros dezaioito meses, adoptando para iso a correspondente resolución, con anterioridade á finalización do prazo inicial, que será publicada tamén no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello e na páxina web do Concello.

**Terceiro**- Concretar que o inicio do prazo de vixencia da Bolsa de Emprego se contará a partir do día seguinte ao da súa publicación nos dous medios de información indicados.

En Arzúa, a 11 de abril de 2017

O alcalde

Asdo: Jose Luis García López